

EIXE 2 | A Recuperación como meta

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN SAÚDE MENTAL

Entidade executante

Asociación Albores Saúde Mental

Ámbito territorial

Concellos pertencentes ao distrito sanitario sur da provincia de Lugo: Bóveda, Carballedo, Chantada, Monforte de Lemos, O Saviñao, Folgoso do Courel, Pantón, Ribas de Sil, Sober, Quiroga e A Pobra do Brollón

Persoas destinatarias

Persoas con trastorno mental severo que precisan apoio para a realización das actividades básicas da vida diaria (ABVDs) e/ou para as actividades instrumentais (AIVDs), por non ter autonomía suficiente e/ou estar sobrecargadas as persoas coidadoras. Estímanse 14 persoas beneficiarias.

Familiares e/ou persoas achegadas que compensan os apoios que precisan as persoas con trastorno mental severo con falta de autonomía. Estímanse 19 persoas beneficiarias.

Obxectivos

Xeral: facilitar a autonomía persoal e favorecer que a persoa se manteña na súa contorna habitual de vida

Específicos:

Incrementar ou manter a autonomía das persoas con TMS nas ABVD

Incrementar ou manter a autonomía das persoas con TMS nas AIVD

Diminuír a sobrecarga das persoas coidadoras

Posibilitar o mantemento da persoa con TMS no seu fogar

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Metodoloxía

É un servizo concibido dende un enfoque de atención integral á saúde mental, onde a coordinación e complementariedade cos centros, programas e servizos sanitarios e sociais son clave para artellar unha rede que atenda as diversas e complexas problemáticas de saúde mental.

Apoio domiciliario: abranguendo o coudado persoal, organización doméstica, mantemento do fogar, xestión da economía doméstica, coidado da saúde e xestión dos cartos.

Acompañamentos:

No 2020 realizáronse 728 intervencións